

axuda ou se produciron cambios na súa situación familiar desde a pasada convocatoria, o solicitante deberá presentar fotocopia compulsada do libro de familia.

c) Se a axuda fora para un tutelado ou irmán, o solicitante deberá acreditar a súa tutela.

Contía da axuda.

A contía da axuda calcúlase do seguinte xeito tendo en conta o grao de discapacidade:

33% ata 64%	200 €
65% ata 74%	400 €
75% en diante	800 €

PROGRAMA IV

OUTRAS AXUDAS: AXUDA POR CELIAQUÍA, INTOLERANCIA Á LACTOSA E CROHN

Obxecto do programa.

A execución do programa abarca a repartición da contía existente neste programa entre todos os solicitantes, tendo en conta as contías fixas por funcionario.

Beneficiarios.

Poderán ser os funcionarios solicitantes, os fillos ao seu cargo ou tutelados que padezan estas enfermidades.

Os solicitantes destas prestacións deberán reunir as condicións xerais establecidas no punto 1 e ademais:

Esta axuda é incompatible coa axuda por fillos, para o fillo con celiacuía, intolerancia á lactosa e Crohn.

Documentación.

Ademais dos documentos que se expresan no punto 4 das condicións xerais, será necesario achegar:

a) Prescrición facultativa ou certificado médico da necesidade e duración do tratamento, con indicación da persoa que o recibe.

b) No caso de que a axuda fora para un fillo, e sexa a primeira vez que solicitan esta axuda ou se produciron cambios na súa situación familiar desde a pasada convocatoria, o solicitante deberá presentar fotocopia cotexada do libro de familia.

Contía das axudas.

Establécese unha contía fixa de 200 € por funcionario solicitante ou fillo/s ou tutelado/s ao seu cargo, e de 300 € para o caso de que o cónxuxe do solicitante sexa funcionario da Administración de xustiza.

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

Orde do 19 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a incentivar a implantación e mellora das empresas de turismo activo, aventura, actividades de lecer e tempo libre, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (CT983K).

O turismo xera aproximadamente un 12% do produto interior bruto galego e un 13% dos recursos humanos activos traballan no sector. Ademais, o efecto multiplicador do turismo a través do arrastre doutras moitas actividades é vital, non só pola situación de recesión económica que o país atravesamos senón tamén, e sobre todo, polo enorme potencial de crecemento que Galicia aínda ten para aumentar o número de turistas, mellorar os ingresos medios por día e visitante, e incrementar o número de pernoitas por cada turista.

A través do Plan de Acción do Turismo de Galicia 2010-2013, entre os seus obxectivos prioritarios están incrementar o peso do turismo no PIB, mellorar o salario medio do sector, aumentar a estadía media e o gasto medio diario dos turistas que nos visitan.

Está recoñecido que o turismo debe ser desenvolvido e xestionado dun modo controlado, integrado e sustentable, baseado nunha planificación. Deben establecerse as estratexias para o desenvolvemento do sector dun modo integrado de equilibrio económico, ambiental, sociocultural e de desenvolvemento sustentable.

O obxectivo último é o desenvolvemento dun modelo turístico que afonde na competitividade das empresas como clave da optimización do crecemento da oferta e recursos turísticos con criterios de sustentabilidade.

Competitividade e sustentabilidade son, sen dúbida, as palabras chave; e conforme estes fundamentos da xestión do turismo estase a desenvolver a aposta na innovación, na produtividade, na calidade e nas novas ferramentas de xestión para a mellora dos resultados económicos das empresas do sector, para lograr cada vez un maior número de visitantes, unha maior estadía media dos turistas e un maior gasto por día.

O turismo revélase como factor fundamental de reequilibrio territorial entre o mundo urbano e o rural, tendo o noso rural galego as condicións idóneas e os atractivos suficientes para satisfacer o novo turista, que busca experiencias, praceres simples, natureza, saúde, respecto ambiental; busca renovación, vacacións intensas e non pasivas, sensacións, vivencias.

Dentro deste marco de implementación de novas accións no sector turístico procede continuar arbitrando liñas de axuda para incentivar as actuacións dos axentes que actúan neste sector en Galicia co fin de consolidar unha oferta turística de calidade diferenciada cunha ampla diversidade que procure, no

respecto ao ambiente, unha opción estable para o desenvolvemento económico do rural galego.

As actuacións desta convocatoria financiaranse coa participación do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e, por tanto, a súa tramitación quedará condicionada ao cumprimento da normativa da Unión Europea nesta materia.

Así, con cargo aos créditos orzamentarios da Consellería de Cultura e Turismo asignados para esta finalidade, así como aos límites de intensidade establecidos no Decreto 432/2009, do 11 de decembro, polo que se regulan as axudas rexionais ao investimento e ao emprego na Comunidade Autónoma de Galicia en aplicación do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado CE, e todo isto consonte o establecido sobre medidas de fomento nos artigos 54 e 55 da Lei 14/2008, do 3 de decembro, de turismo de Galicia, e de acordo coa Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, que pola súa conceptualización como actividade turística se considera incentivable ao abeiro do antedito Decreto 432/2009, convócanse axudas para o fomento do turismo no medio rural.

Por iso, no uso das facultades que me foron conferidas,

DISPOÑO:

Artigo 1º.-Convocatoria e bases reguladoras.

1. Esta orde ten por obxecto aprobar as bases, que se inclúen como anexo I, por que se rexerá a concesión das subvencións da Consellería de Cultura e Turismo para apoiar accións encamiñadas a incentivar a implantación e mellora das empresas de turismo activo, aventura, actividades de lecer e tempo libre.

2. Así mesmo, por medio desta orde convócanse as ditas subvencións para o ano 2010.

Artigo 2º.-Solicitudes.

1. Para poder ser beneficiario das subvencións deberá presentarse unha solicitude axustada ao modelo normalizado que se inclúe como anexo II desta orde, que irá acompañada dos documentos que se especifican no artigo 4º das bases reguladoras.

2. En caso de dúbida, dificultades técnicas ou necesidade de máis información, poderán dirixirse á Secretaría Xeral para o Turismo, a través do teléfono 981 54 63 79 ou 981 54 63 78, do número de fax 981 54 02 75, ou do enderezo de correo electrónico axudas.turismo@xunta.es.

Artigo 3º.-Lugar e prazo de presentación das solicitudes.

1. As solicitudes presentaranse no Rexistro Único da Xunta de Galicia ou por calquera outro dos restantes medios previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

2. O prazo de presentación de solicitudes será dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia*. Entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación.

Se o último día de prazo for inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes do vencemento non houber día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o último do mes.

Artigo 4º.-Prazo de duración do procedemento de concesión.

Unha vez rematado o prazo para a presentación de solicitudes, estas serán tramitadas e valoradas de acordo co procedemento establecido nas bases reguladoras.

O procedemento de concesión non poderá ter unha duración superior aos seis meses contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no DOG.

Artigo 5º.-Información aos interesados.

Sobre este procedemento administrativo, poderase obter documentación normalizada ou información adicional na Secretaría Xeral para o Turismo, a través dos seguintes medios:

- a) Páxina web oficial da consellería (www.culturaeturismo.xunta.es), na súa epígrafe de axudas.
- b) Páxina web oficial da Secretaría Xeral para o Turismo (www.sxturismo.org).
- c) Os teléfonos 981 54 63 79 e 981 54 63 78 da devandita secretaria xeral.
- d) Enderezo electrónico axudas.turismo@xunta.es.
- e) Presencialmente.

Disposicións derradeiras

Primeira.-Habilitación para o desenvolvemento.

Facúltase a Secretaría Xeral de Turismo para que dite as resolucións que sexan precisas para o desenvolvemento e aplicación desta orde.

Segunda.-Entrada en vigor.

Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 19 de maio de 2010.

Roberto Varela Fariña
Conselleiro de Cultura e Turismo

ANEXO I

Bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a incentivar a implantación e mellora das empresas de turismo activo, aventura, actividades de lecer e tempo libre (CT983K)

Artigo 1º.-Obxecto e réxime das subvencións.

1. As subvencións reguladas por estas bases teñen por obxecto financiar os investimentos necesarios que permitan incentivar a implantación e mellora

das empresas de turismo activo, aventura, actividades de lecer e tempo libre.

2. As axudas reguladas nesta orde establécense ao abeiro do Regulamento (CE) 1080/2006, do Parlamento Europeo e do Consello, do 5 de xullo de 2006, relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (DOUE L 210, do 31 de xullo) para o período 2007-2013, de acordo co establecido na orde EHA 524/2008, do 26 de febreiro, pola que se determinan os gastos subvencionables polo Feder e Fondo de Cohesión.

As axudas reguladas nestas bases axústanse ao obxecto establecido no Eixe 5: Desenvolvemento sustentable local e urbano, tema prioritario 57: Axudas á mellora dos servizos turísticos, coordinación e promoción do turismo, actuacións de fomento do turismo rural.

O procedemento de concesión destas subvencións tramitárase en réxime de concorrencia competitiva e quedará suxeito ao Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías) (DOUE L 214, do 9 de agosto de 2008).

3. Con carácter xeral e de acordo co establecido no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, considéranse gastos subvencionables aqueles que de maneira indubidable respondan á natureza da actividade subvencionable.

En concreto, consideraranse investimento subvencionable as actuacións dos proxectos que se citan a seguir:

a) Investimentos para a mellora de campos de golf, para actividades hípcas, náuticas, activos fixos (bicicletas, piraguas...) e aquelas outras actividades recreativas que supoñan oferta turística complementaria no medio rural.

b) Investimentos para a implantación e renovación de sistemas de calidade nos establecementos turísticos (normas ICTE -Q-, ISO).

c) Investimentos para a implantación de enerxías renovables e para mellora da sustentabilidade dos establecementos turísticos (aforro enerxético e de auga, enerxías non contaminantes, redución da contaminación acústica ou lumínica, etc.).

4. Considérase investimento subvencionable tanto a execución material das obras que se emprendan para a reforma ou mellora dos establecementos obxecto desta orde como, se é o caso, a adecuación do contorno e as actuacións de recuperación dos elementos de arquitectura, a cultura e a sociedade tradicional e os honorarios técnicos.

5. Están comprendidos nos proxectos de obras e son, por tanto subvencionables, todos aqueles bens de equipamento que deben ser empregados nestas mediante instalacións fixas, sempre que constitúan complemento natural da obra. Non se considera sub-

vencionable o equipamento que non cumpra as devanditas condicións.

6. Queda expresamente excluído do ámbito de aplicación desta orde o mobiliario, a lenzaría, enxoval doméstico, louza e análogos, e a adquisición de terreos.

7. En ningún caso serán obxecto de subvención os gastos de xuros debedores en contas bancarias, os derivados de recargas e sancións administrativas e penais. Os tributos serán gasto subvencionable cando a persoa beneficiaria da subvención os aboe efectivamente. En ningún caso se van subvencionar os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación nin os impostos persoais sobre a renda.

8. Cando o importe do gasto subvencionable supere a contía de 30.000 euros no suposto de custo por execución de obra, ou de 12.000 euros no suposto de subministración de bens de equipamento ou prestación de servizos por empresas de consultoría ou asistencia técnica, o beneficiario deberá solicitar, como mínimo, tres ofertas de diferentes provedores, con carácter previo á contratación do compromiso para a prestación do servizo ou a entrega do ben, salvo que polas especiais características dos gastos subvencionables non exista no mercado suficiente número de entidades que o subministren ou presten.

9. Unicamente poderán recibir subvención aqueles proxectos que se executen unha vez confirmada pola Secretaría Xeral para o Turismo a súa elixibilidade. Os solicitantes recibirán comunicación escrita en que conste que o proxecto cumpre inicialmente as condicións de subvencionabilidade suxeita ao resultado final da súa verificación detallada, sempre que a solicitude se presente conforme o establecido nesta orde. Os proxectos que non cumpran estes requisitos non serán obxecto de axuda pois que as actuacións subvencionables teñen que ser realizadas e pagadas no período comprendido desde esta notificación ata a data límite de xustificación establecida no artigo 17º.

10. Considerarase que as axudas concedidas teñen un efecto incentivador se os seus beneficiarios solicitaron estas antes de levar a cabo os proxectos subvencionados.

Artigo 2º.-Financiamento e concorrencia.

1. As ditas axudas, que se rexen polos principios de publicidade, concorrencia competitiva e obxectividade, imputaranse á aplicación orzamentaria 11.02.761A.770.0 cofinanciada nun 70% polo Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional, para as cales se destina un crédito máximo de 2.000.000 de euros.

2. Os proxectos que se recollen nesta orde como accións subvencionables poderán acadar unha subvención de ata un 40% sobre o investimento subvencionable cando se trate de pequenas e medianas empresas e de ata o 30% nos demais casos, sempre que non se superen os límites máximos de axuda establecidos na normativa aplicable.

Para os efectos de cálculo do investimento subvencionable, os honorarios técnicos de redacción de pro-

xecto e dirección de obra non serán superiores ao 8% do orzamento de execución material subvencionable.

3. Estas axudas son compatibles con calquera outra para o mesmo obxecto e finalidade pero o seu importe en ningún caso poderá ser de tal contía que, en concorrencia con subvencións e axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o límite máximo de axuda legalmente establecido. Para estes efectos, a porcentaxe máxima calculada en equivalente de subvención bruto é do 30%, ao cal se engaden 10 ou 20 puntos porcentuais cando se trate de axudas a medianas ou pequenas empresas, respectivamente, agás que sexan axudas financiadas con fondos incompatibles coa financiación Feder.

4. Os proxectos desenvolveranse no territorio de Galicia (exceptuando os núcleos urbanos definidos como tales no planeamento urbanístico vixente, das cidades de Ferrol, Lugo, Ourense, Pontevedra, Santiago de Compostela, A Coruña e Vigo), e financiaranse con cargo a fondos Feder.

5. A intensidade das axudas encádranse dentro do artigo 13 do Regulamento (CE) 800/2008, da Comisión Europea, do 6 de agosto, polo que se declaran determinadas categorías de axuda, compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88, do Tratado CE.

Artigo 3º.-Beneficiarios.

Poderán ser beneficiarias das subvencións as empresas autónomas ou as constituídas baixo calquera tipo de sociedade mercantil, civil ou comunidade de bens, que reúnan os requisitos establecidos nestas bases e sexan titulares dos establecementos nos cales se poidan realizar os investimentos obxecto de subvención, segundo o establecido no artigo 1º destas bases.

De ser o caso, e segundo a natureza do investimento ou actividade proxectada, as empresas acreditarán a titularidade dos espazos onde se pretenda desenvolver a actuación ou ben por calquera título válido en dereito ter unha disposición sobre eles que permita realizar o investimento proxectado. O dito título de disposición terá que ser outorgado en escritura pública, e inscrito no Rexistro da Propiedade. En calquera caso, o beneficiario da subvención terá o pleno uso e disfrute dos espazos.

Será requisito imprescindible para a concesión destas subvencións relativas a investimentos de mellora que a empresa solicitante teña inscrita no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta de Galicia a actividade turística para a cal se solicita a axuda.

Os requisitos para ser beneficiarios deberán cumprirse ao remate do prazo de presentación de solicitudes.

Non poderán obter a condición de beneficiario aqueles en que conorra algunha das circunstancias previstas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia. A acreditación de non estar incurso nas ditas prohibicións realizarase mediante declaración responsable do interesado.

Artigo 4º.-Solicitudes.

1. As solicitudes para participar no procedemento de concesión das subvencións presentaranse na forma e prazo que se indiquen na convocatoria.

2. Xunto coas solicitudes deberá presentarse por duplicado exemplar a seguinte documentación:

- a) Anexo II: modelo de solicitude normalizado.
- b) Anexo IV: anexo técnico.
- c) Certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade que acredite que o solicitante da subvención é propietario do inmovible obxecto da rehabilitación ou do predio para nova construción. No caso de existir propiedade *pro indivisa*, deberase achegar poder notarial dos copropietarios, outorgando representación ao solicitante, que deberá ser un deles, para actuar neste procedemento e asumir os compromisos derivados do establecido nesta orde.

No caso de que o solicitante non sexa o propietario acreditará a disposición do inmovible ou do predio para a realización do investimento obxecto da subvención, e o período mínimo de explotación establecido no artigo 15º b) destas bases mediante certificación ou nota simple do Rexistro da Propiedade.

Todo o anterior é sen prexuízo de que se solicite documentación complementaria aclaratoria da propiedade ou disposición dos inmobles e/ou dos predios.

d) Cando se trate de persoas xurídicas achegarase copia cotexada do CIF, do documento de constitución da sociedade e da documentación acreditativa de representatividade suficiente para actuar en nome da empresa. Se o solicitante é persoa física observarase o disposto no artigo 5º destas bases.

e) Proxecto básico, elaborado por técnico facultativo competente, que conterà:

e.1. Memoria explicativa do proxecto e xustificación das solucións adoptadas.

e.2. Orzamento do investimento en que se especificará o importe da execución material así como o custo da redacción do proxecto e da dirección de obra e todo o equipamento proposto, segundo o anexo técnico da folla resumo xeral do orzamento que deberá estar na memoria.

e.3. Planos de localización do investimento.

e.4. Planos do estado actual se correspondesen, e do proxecto.

e.5. Relación exhaustiva (indicando calidades) dos materiais e acabamentos propostos.

e.6. Relación detallada dos mobles e equipamentos (débase indicar calidades, localización e número) que se van instalar.

e.7. Memoria explicativa de adecuación ao contorno das actuacións que, de ser o caso, corresponda, de recuperación de elementos de arquitectura, cultura e sociedade tradicional, así como equipamentos e servizos.

e.8. Memoria explicativa e exhaustiva, tamén asinada polo promotor, do tipo de servizos que se van prestar no establecemento.

e.9. Memoria explicativa das accións encamiñadas á implantación de sistemas de calidade específicos para empresas que condúzan á obtención da correspondente certificación de aseguramento de calidade, en caso de solicitarse para este fin.

Teñen a consideración de edificación e, por tanto, requiren proxecto básico os seguintes:

I. Obras de ampliación, modificación, reforma ou rehabilitación que alteren a configuración arquitectónica dos edificios, considerándose tales as que teñan carácter de intervención total ou as parciais que produzan unha variación esencial do sistema estrutural, así como as que teñan por obxecto cambiar os usos turísticos do edificio.

II. Obras que teñan o carácter de intervención total en edificacións catalogadas ou que dispoñan dalgún tipo de protección de carácter ambiental ou histórico-artístico regulada a través de norma legal ou documento urbanístico, así como aquelas que afecten os elementos ou partes obxecto de protección e as que supoñan nova construción.

III. Considéranse comprendidas na edificación as súas instalacións fixas e o equipamento propio, así como os elementos de urbanización que estean adscritos ao edificio.

O dito proxecto deberá estar avaliado polo Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Secretaría Xeral para o Turismo, que emitirá o informe correspondente.

No caso de tratarse dunha mellora ou reforma e cando sexan actuacións de pouca entidade que non necesiten proxecto de execución, segundo a normativa vixente, deberase presentar memoria explicativa detallada en que se defina pormenorizadamente o proxecto que se vai executar, orzamento desagregado por conceptos do investimento proxectado e os correspondentes certificados de idoneidade técnica, asinada por persoal técnico competente. Así mesmo, achegarase calquera documentación que permita comprobar a normativa de obrigado cumprimento.

f) Reportaxe fotográfica do inmovible, exteriores, interiores e do contorno.

g) Prazo previsto, expresado en meses, para a execución indicando a data de inicio (cronograma de realización).

h) Licenza urbanística que posibilite a execución do investimento para o cal se solicita a subvención. No caso de carecer dela no momento de realizar a solicitude de subvención, ou cando se trate de obras para as cales non sexa preceptiva segundo a normativa correspondente, presentarase certificación de viabilidade urbanística emitida polo órgano competente do concello en que se indique que o proxecto para o cal se solicita subvención é conforme coa legalidade urbanística vixente no municipio. Coa

primeira solicitude de pagamento será obrigatoria a presentación da antedita licenza urbanística.

i) Declaración de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou de calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

j) Declaración expresa de non estar incurso en ningunha das circunstancias previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

k) Certificación orixinal expedida pola entidade bancaria da titularidade da conta en que conste: código de banco, código de sucursal, dígito de control e código de conta corrente.

Artigo 5º.-*Consentimentos e autorizacións.*

1. A presentación da solicitude implica o coñecemento e a aceptación destas bases reguladoras. Para os efectos do previsto no artigo 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, a presentación da solicitude de concesión da subvención comportará a autorización do solicitante para que o órgano concedente obteña de forma directa os datos de carácter persoal que figuren no DNI do interesado e a acreditación do cumprimento das súas obrigas tributarias co Estado, coa comunidade autónoma e coa Seguridade Social, a través de certificados telemáticos.

Non obstante, o solicitante poderá denegar expresamente o consentimento, facéndoo constar expresamente no formulario de solicitude, e debe presentar entón o DNI e as certificacións a que fai referencia este punto.

Igualmente, de conformidade co mesmo artigo 20.3º da Lei 9/2007, se o solicitante indica que certa documentación que se deba usar neste procedemento xa figura en poder da Administración, a presentación da solicitude implica a autorización ao órgano instrutor para acceder a ela. Para estes efectos, a documentación debe manterse vixente e identificarse no formulario de solicitude o procedemento administrativo para o cal foi presentada.

En calquera caso, nos supostos de imposibilidade material de obter o documento, o órgano instrutor poderá requirir ao solicitante a presentación da documentación ou, na súa falta, a acreditación por outros medios dos requisitos a que se refire o documento, con anterioridade á formulación da proposta de resolución.

2. De acordo co establecido na disposición adicional primeira do Decreto 132/2006, do 27 de xullo, de creación dos rexistros de axudas, subvencións e convenios e de sancións da Xunta de Galicia, a persoa solicitante da subvención consentirá expresamente a inclusión e publicidade dos datos relevantes referidos ás axudas e subvencións recibidas, así como ás sancións impostas, no devandito rexistro, feito que terá lugar salvo nos supostos legalmente establecidos, todo isto consonte o establecido na Lei orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, e na Lei orgánica

ca 1/1982, do 5 de maio, pola que se regula a protección civil do dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe.

3. De conformidade co artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, esta consellería publicará na súa páxina web oficial a relación dos beneficiarios e o importe das axudas concedidas, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos dos beneficiarios e a súa publicación na citada páxina web, coas excepcións previstas nas leis.

4. A Consellería de Cultura e Turismo velará polos datos de carácter persoal que serán obxecto de tratamento, e para eses efectos procederá á súa incorporación a un ficheiro que cumprirá as exixencias da Lei 15/1999, de protección de datos, adoptándose tanto as medidas de seguridade técnicas como organizativas.

A finalidade da recolla e tratamento dos datos persoais será estritamente a xestión e tramitación do expediente correspondente e as que deriven da aplicación da Lei 4/2006, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Os datos non serán obxecto de cesión a terceiros; no entanto a Consellería de Cultura e Turismo revelará ás autoridades públicas competentes os datos persoais e calquera outra información que estea no seu poder ou sexa accesible a través dos seus sistemas e sexa requirida, de conformidade coas disposicións legais e regulamentarias aplicables ao caso. Decláranse recoñecidos e poderán exercerse os dereitos de acceso, cancelación, rectificación e oposición por escrito achegando identificación suficiente ao seguinte enderezo, edificios administrativos San Caetano, San Caetano s/n, 15781 Santiago de Compostela, ou ben mediante o procedemento habilitado para o efecto e que se poderá atopar na Guía do Cidadán da páxina web da Xunta.

Artigo 6º.-*Órganos competentes.*

A Secretaría Xeral para o Turismo será o órgano competente para a instrución do procedemento de concesión da subvención, correspondendo ao conselleiro de Cultura e Turismo ditar a resolución de concesión.

Artigo 7º.-*Instrución dos procedementos.*

1. De conformidade co establecido no artigo 71 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, se a solicitude non reúne algún dos requisitos exixidos nestas bases reguladoras ou na correspondente convocatoria requirirase o interesado para que, nun prazo de dez días hábiles, emende a falta ou achegue os documentos preceptivos. Neste requirimento farase indicación expresa de que, se así non o fixer, se considerará que desistiu na súa petición, logo da correspondente resolución.

2. Por tratarse dun procedemento de concorrencia competitiva, e de conformidade co establecido nos artigos 59.6º b), 60 e 61 da indicada Lei 30/1992, os requirimentos citados de emenda poderanse facer

mediante publicación no DOG, e producirán os mesmos efectos que a notificación individualizada. Esta publicación tamén se realizará no taboleiro de anuncios da páxina web da Consellería de Cultura e Turismo, ao cal se remitirá desde o texto publicado no DOG. Se a instrución do procedemento o aconsellar, o órgano competente poderá substituír esta publicación no DOG e na web, pola notificación individualizada de conformidade co establecido no artigo 59 da Lei 30/1992.

3. Sen prexuízo do disposto no parágrafo anterior, poderáselle requirir ao solicitante que achegue cantos datos, documentos complementarios e aclaracións resulten necesarios para a tramitación e resolución do procedemento.

4. O Servizo de Turismo do Departamento Territorial Consellería de Cultura e Turismo achegará un informe que deberá indicar se o proxecto é conforme coa normativa de ordenación turística vixente, a localización e interese turístico do proxecto e, de ser o caso, as datas de autorización e de inscrición no REAT e a clasificación turística que lle correspondería. Así mesmo, achegaráselles un informe do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística sobre a calidade do inmovible, do seu estado e do proxecto. Estes informes achegaranse cunha anticipación mínima de dez días á realización da comisión de valoración.

5. Unha vez revisadas as solicitudes e as emendas feitas, aqueles expedientes administrativos que reúnan todos os requisitos e a documentación necesaria serán remitidos á comisión encargada da súa valoración, de acordo co establecido no artigo seguinte.

6. Os expedientes que non cumpran as exixencias contidas nestas bases ou na normativa de aplicación ou que non conteñan a documentación necesaria quedarán á disposición do órgano instrutor para que formule a proposta de resolución de inadmisión, na cal que se indicarán as causas desta.

Artigo 8º.-*Comisión de valoración.*

1. A comisión de valoración será o órgano colexiado encargado de valorar as solicitudes de acordo cos criterios obxectivos fixados no artigo seguinte, así como de propoñer a concesión ou denegación das subvencións aos interesados.

2. A composición da comisión de valoración será a seguinte:

a) O/a subdirector/a xeral de Xestión, Fomento e Cooperación, que a presidirá.

b) Os/as xefes/as do Servizo de Turismo de cada un dos departamentos territoriais Consellería de Cultura e Turismo.

c) O/a xefe/a do Servizo de Xestión e Fomento, da Secretaría Xeral para o Turismo, que exercerá as funcións de secretario/a.

d) O/a xefe/a do Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Secretaría Xeral para o Turismo.

e) O/a xefe/a do Servizo de Inspección, da Secretaría Xeral para o Turismo.

f) O/a xefe/a da Área de Xestión de Calidade de Turgalicia.

g) O/a xefe/a da Área de Turismo Rural e Interior de Turgalicia.

3. Os/as suplentes serán designados/as pola Secretaría Xeral para o Turismo.

4. A comisión poderá estar asistida por expertos externos.

5. Así mesmo, a comisión poderá dispoñer a constitución dunha subcomisión técnica para os efectos de colaborar na revisión e valoración dos documentos achegados xunto coa solicitude.

6. Na proposta de concesión que formule a comisión figurarán de xeito individualizado os solicitantes propostos para obter a subvención, especificándose a avaliación que lles corresponde, segundo os criterios recollidos no artigo seguinte e indicando o importe da concesión que se propón para cada un deles.

7. No caso de existiren solicitudes que non figuren na proposta anterior por razón do baremo aplicado ao terse esgotado o crédito dispoñible, a comisión poderá emitir propostas sucesivas de concesión, ben por dispor de crédito por terse producido algunha renuncia ou modificación nos proxectos inicialmente propostos ou ben por incremento do orzamento inicialmente destinado a esta subvención.

Artigo 9º.-*Criterios de valoración.*

Os proxectos que se presenten deberán ser técnica, económica e financeiramente viables, e os criterios de valoración que servirán de base para a determinación da preferencia na concesión da subvención serán os seguintes tendo cada unha delas o peso que se especifica:

a) Que o proxecto de mellora inclúa a incorporación a plans de calidade e/ou sistemas de xestión de calidade normalizados e recoñecidos a nivel internacional, particularmente os homologados polo Instituto da Calidade Turística Española (ICTE) ou pretenda acadar un establecemento respectuoso co ambiente a través da implantación de tecnoloxías que permitan aforros e eficiencias das instalacións en campos como residuos, enerxías, depuración de augas, contaminación acústica, etc. Ata 30 puntos

b) A localización do investimento atendendo a:

-Situación en áreas rurais con tendencia á despoñoación.

-Zonas costeiras con elementos configuradores de produto turismo náutico/mariñeiro.

-Situación nun espazo cualificado con algunha figura de protección ambiental.

-Situación en municipio turístico oficialmente declarado.

-Situación nun municipio que desfruta ou desfrutou dun plan de dinamización, excelencia ou de produto turístico.

Ata 30 puntos.

c) Que o proxecto supoña a implantación de novas ofertas combinadas das instalacións e servizos de turismo con outras actividades complementarias que permita mellorar a oferta e contribuír a dinamizar turística-mente o contorno onde se asenta. Ata 40 puntos.

Artigo 10º.-*Audiencia.*

Efectuada a avaliación, a comisión fará un informe en que se concretará o seu resultado, á vista do cal o órgano instrutor elaborará unha proposta de resolución provisoria debidamente motivada que deberá ser notificada aos interesados para que, nun prazo de dez días, poidan formular alegacións de acordo co establecido no artigo 21.4º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Artigo 11º.-*Resolución e notificación.*

1. Examinadas as alegacións, o órgano instrutor formulará a proposta de resolución definitiva e elevaraa ao conselleiro de Cultura e Turismo.

2. O conselleiro, á vista da proposta de resolución, ditará no prazo de 15 días desde a súa elevación a correspondente resolución, que deberá estar debidamente motivada e na cal, en todo caso, quedarán debidamente xustificadas todos os aspectos contidos no artigo 34.4º do regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

En calquera caso, o pagamento da subvención estará condicionado a que os órganos competentes da Unión Europea adopten a decisión de non formularen obxeccións a esta ou declaren a subvención compatible co mercado común e nos termos en que a dita declaración se realice, aspecto que se fará constar no acto administrativo de concesión, de conformidade co disposto no artigo 17.4º do Regulamento da Lei de subvencións de Galicia.

En ningún caso o importe das subvencións concedidas poderá superar o custo elixible da actividade que desenvolverá o beneficiario ou, se é o caso, a porcentaxe máxima do investimento subvencionable legalmente establecida.

3. O prazo máximo para resolver e notificar a resolución ao interesado será de seis meses, contados a partir do seguinte ao da publicación da orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. Se transcorrer o prazo máximo para resolver sen se ditar resolución expresa, os interesados poderán entender desestimadas as súas solicitudes por silencio administrativo.

4. Todas as resolucións serán notificadas de acordo co establecido na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Non obstante, e de conformidade co establecido no artigo 59.6º b) da indicada lei, no caso das subvencións concedidas poderase substituír a notificación individual pola publicación no *Diario Oficial de*

Galicia e na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo. Nesta publicación especificarase a data da convocatoria, o beneficiario, a cantidade concedida e a finalidade da subvención outorgada. Coa publicación no DOG poderá remitirse aos beneficiarios a que consulten información detallada da resolución nun taboleiro da citada web.

As solicitudes desestimadas notificaranse individualmente, con indicación das causas da desestimación. Non obstante, poderase substituír esta notificación individual pola publicación no DOG, coa indicación de que os non beneficiarios consulten a información detallada da súa resolución nun taboleiro da citada web.

Artigo 12º.-*Réxime de recursos.*

As resolucións ditadas ao abeiro da correspondente orde de convocatoria poñerán fin á vía administrativa e contra elas poderán interpoñerse os seguintes recursos, sen prexuízo de que os interesados poidan exercer calquera outro que consideren procedente:

a) Recurso potestativo de reposición ante o conselleiro de Cultura e Turismo, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de tres meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

b) Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte ao da notificación da resolución, se esta for expresa, ou de seis meses contados a partir do seguinte a aquel en que se produza o acto presunto.

Artigo 13º.-*Modificación da resolución.*

1. Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención e, en todo caso, a obtención concorrente de subvencións ou axudas outorgadas por outras administracións ou entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, segundo o artigo 35 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

2. O acto polo que se acorde ou denegue a modificación da resolución será ditado polo conselleiro de Cultura e Turismo, logo da instrución do correspondente expediente en que se lle dará audiencia ao interesado nos termos previstos no artigo 10º.

Artigo 14º.-*Aceptación e renuncia.*

1. Notificada a resolución definitiva polo órgano competente, os interesados propostos como beneficiarios disporán dun prazo de dez días para a súa aceptación, transcorrido o cal sen que se produza manifestación expresa en contra, entenderase tacitamente aceptada.

2. Coa aceptación o beneficiario consente a publicación da resolución en que se lle conceda a axuda na lista de beneficiarios prevista nos artigos 6 e 7.2º d) do Regulamento (CE) 1828/2006, da Comisión.

3. A renuncia á subvención poderase facer axustándose ao modelo que se inclúe como anexo III, así como por calquera outro medio que permita a súa constancia, de acordo co establecido no artigo 91 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común. No caso de que se comunique a renuncia en prazo, o conselleiro ditará a correspondente resolución nos termos do artigo 42.1º da mesma lei.

Artigo 15º.-*Obrigas dos beneficiarios.*

Os solicitantes das subvencións adquiren os seguintes compromisos e obrigas, de conformidade co establecido no artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sen prexuízo das demais obrigas que resulten da normativa reguladora de subvencións aplicable:

a) Iniciar a actividade turística, incluídos todos os servizos que se recolleron no proxecto, previamente autorizada pola Administración turística, nun prazo máximo de seis (6) meses contados a partir da data límite da xustificación final do investimento fixada no artigo 17º destas bases.

b) Manter a súa actividade en Galicia durante un período mínimo de dez (10) anos, contados desde a data de concesión da correspondente autorización turística ou, na súa falta, desde que se produza a liquidación definitiva da subvención.

Así mesmo, segundo establece o artigo 13.2º do citado Regulamento 800/2008, o investimento deberá manterse en Galicia polo menos durante os cinco anos seguintes, ou durante os tres seguintes no caso das pemes, unha vez completada a totalidade do investimento.

c) Someterse ás actuacións de comprobación que efectuará a Consellería de Cultura e Turismo e ás de control financeiro que corresponden á Intervención Xeral da Comunidade Autónoma en relación coas subvencións e axudas concedidas e ás previstas na lexislación do Tribunal de Contas e o Consello de Contas e ás dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo, para o que se achegará canta información sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores.

d) Comunicar á Secretaría Xeral para o Turismo da Consellería de Cultura e Turismo a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados nacionais ou internacionais. A Consellería de Cultura e Turismo comprobará que non se superan as porcentaxes máximas de acumulación establecidas na normativa comunitaria europea.

e) Acreditar con anterioridade a ditarse a proposta de resolución de concesión, así como antes das correspondentes propostas de pagamento, que está ao día nas súas obrigas tributarias estatais e autonómicas e da Seguridade Social e que non ten pendente de pagamento ningunha outra débeda, por ningún concepto, coa Administración pública da comunidade autónoma. No caso de que as actuacións de oficio levadas a cabo polo órgano instructor, consonte o arti-

go 20.3º da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, dean como resultado que o solicitante ou o beneficiario ten débedas ou obrigas con algunha destas administracións, requirirase o solicitante ou beneficiario para que regularice a situación e presente por si mesmo o correspondente certificado.

f) Reintegrar, total ou parcialmente, o importe percibido pola subvención concedida, así como os correspondentes xuros de demora producidas desde o momento do pagamento, nos seguintes casos:

-Por incumprimento dos compromisos e obrigas relacionados neste artigo.

-Por incumprimento da obriga de xustificación ou xustificación insuficiente nos prazos e termos establecidos nesta orde.

-Obtención da subvención sen reunir os requisitos exixidos para a súa concesión, con falsificación das condicións requiridas para isto ou ocultación daquelas que o impedisen.

-Incumprimento total ou parcial do obxectivo da actividade, do proxecto ou non adopción do comportamento que fundamentou a subvención.

-Resistencia, escusa, obstrución ou negativa ás actuacións de comprobación e control financeiro, o incumprimento das obrigas contables, rexistras ou de conservación de documentos, cando disto derive a imposibilidade de verificar o emprego dado aos fondos percibidos, o incumprimento do obxectivo ou a concorrencia con outras axudas para a mesma finalidade percibidas de calquera Administración ou ente público ou privado.

-Nos demais supostos previstos na normativa reguladora da subvención.

g) Adscribirse á central de reservas de turismo rural cando se trate destes establecementos e a aquelas que, se é o caso, cree a Administración turística galega.

h) Executar o proxecto de total conformidade co presentado ao concurso de subvencións ou, se é o caso, o modificado coa autorización da Administración turística galega.

i) A facilitar datos, de forma periódica ou logo de requirimento da Administración turística galega, sobre a ocupación rexistrada no establecemento.

j) Os beneficiarios deberán dar a adecuada publicidade do carácter público do financiamento en todas as actuacións que deriven da execución do proxecto, en cumprimento do artigo 15.3º da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, e do Regulamento (CE) 800/2008 (DOUE L do 9-8-2008). En concreto, as entidades beneficiarias de axudas deberán facer constar na súa publicidade ou na información que xeren en relación co proxecto subvencionado, o cofinanciamento dos seus activos con fondos europeos Feder, así como pola Xunta de Galicia a través da Consellería de Cultura e Turismo de acordo co disposto na regulamentación comunitaria nesta materia. Para isto empregarán o rótulo «proxecto cofinanciado», acompañado do escudo normalizado da Xunta de Galicia co rótulo «Consellería de Cul-

tura e Turismo-Secretaría Xeral para o Turismo», e o emblema normalizado da Unión Europea co rótulo «Unión Europea. Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional» (Feder). Precedendo os emblemas empregárase a lenda «Investimos no seu futuro». Os custos correspondentes á dita publicidade serán pola conta do beneficiario da subvención.

Cando o proxecto se materialice nun sitio da internet deberán realizarse en lugar visible as citadas referencias na súa páxina de inicio e, así mesmo, establecerase unha ligazón para as páxinas web da Comisión Europea relativa ao fondo.

Cando se materialice nunha aplicación informática deberán facerse as citadas referencias na zona de inicio ou menú principal da aplicación informática, así como na epígrafe de información da aplicación (axuda, acerca de ou similares).

Cando o proxecto dea lugar a documentación (manuais, cadernos, folletos, notas informativas, CD-Rom) deberán constar na contraportada das ditas publicacións as citadas referencias.

Cando se trate de obras arquitectónicas os beneficiarios deberán colocar unha placa explicativa permanente, visible e de gran tamaño, nun prazo máximo de 6 meses a partir da conclusión da obra. Na placa indicárase o tipo e nome da operación, que ocupará como mínimo o 25% da placa. Durante a execución da operación o beneficiario colocará un cartel no lugar das operacións. Concluída a operación, o cartel substituirase pola placa explicativa permanente.

k) O beneficiario queda obrigado a manter unha separación contable adecuada para os gastos relacionadas coa axuda que facilite a pista de auditoría.

l) O beneficiario deberá conservar a documentación contable e de todo tipo relativa a execución dos gastos do proxecto obxecto da subvención por un período de 3 anos a partir do peche do programa operativo, de conformidade co artigo 89 número 3º, do Regulamento 1083/2006, do Consello.

m) Os proxectos que se subvencionen terán que cumprir o disposto na Lei 8/1997, do 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia e as normas regulamentarias de desenvolvemento.

Artigo 16º.-*Subcontratación.*

Queda excluída a subcontratación das actividades subvencionadas ao abeiro desta convocatoria, non obstante, en aplicación do disposto no artigo 27 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, non se inclúe nesta prohibición a contratación daqueles gastos en que o beneficiario teña que incurrir para a realización por si mesmo da actividade subvencionada.

Artigo 17º.-*Xustificación da subvención.*

1. No prazo de sesenta (60) días naturais seguintes ao da notificación da concesión da subvención, os beneficiarios presentarán na Secretaría Xeral para o

Turismo a seguinte documentación por duplicado exemplar:

a) Proxecto de execución definitivo da acción subvencionada, achegarse visado e incluíra o programa de obras que determinará a previsión anual de execución do investimento, consonte a resolución de concesión e copia compulsada do nomeamento de dirección de obra.

O dito proxecto e programa teñen que ser conformes co determinado na resolución de concesión da subvención, e para os efectos da súa validez para incorporar ao expediente deberán ser avaliados polo Servizo de Investimentos e Supervisión Técnico-Turística da Secretaría Xeral para o Turismo.

b) Documento acreditativo ou contrato do nomeamento do director da obra e director da execución material da obra.

2. Para cobrar a subvención concedida, o beneficiario terá de prazo ata o 30 de novembro de 2010 para presentar nos lugares sinalados no artigo 3º da convocatoria a documentación que a seguir se indica:

a) Solicitude de cobramento segundo o modelo do anexo V.

b) Certificación de obra por conceptos, en modelo normalizado que se compón de portada, certificación en orixe, por partidas e capítulos, segundo medicións e prezos recollidos no proxecto de execución, elaborada polo arquitecto e arquitecto técnico da obra, relativa á obra executada coa súa valoración e, no caso de obra rematada, tamén se achegará certificado de fin de obra.

No caso de obras menores con orzamento de execución material superior a 50.000 euros os beneficiarios, presentarán certificado de fin de obra asinada por persoal técnico competente.

c) Facturas que deberán especificar a que concepto corresponden segundo o investimento que serviu de base para a concesión da subvención, xunto coas certificacións bancarias ou, na súa falta, copias das ordes de transferencia que xustifiquen o seu pagamento. En todo caso, o importe reflectido na certificación de obra debe coincidir co xustificado coas ditas facturas.

d) Licenza urbanística que posibilitase a execución do investimento subvencionado. O dito documento é preceptivo e non se procederá ao pagamento de ningunha anualidade mentres non se presente.

e) Certificados expedidos polos organismos competentes acreditativos de estar ao día nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da comunidade autónoma, así como nas obrigas coa Seguridade Social e de non ter ningunha débeda pendente por ningún concepto con ningunha Administración pública. Non obstante, a presentación da solicitude de subvención comportará a autorización ao órgano xestor para solicitar as certificacións que deban emitir a Axencia Estatal da Administración Tributaria, a Tesouraría Xeral da Seguridade Social e a Consellería de Facenda da Xunta de Galicia.

f) Declaración responsable onde se recollan expresamente os compromisos a que se fai referencia no artigo 15º das bases reguladoras.

g) Declaración actualizada de conxunto das axudas solicitadas, tanto aprobadas ou concedidas como pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.

h) Xustificante orixinal do depósito da garantía presentada no caso de pagamentos de importe superior a 18.000 euros, de acordo co establecido no artigo 62 en relación co 65 e 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

3. O investimento xustificado ten que coincidir coa resolución de concesión da subvención ou as modificacións autorizadas. De non xustificarse o investimento executado, quedará anulada toda a subvención; non obstante, se a xustificación for inferior ao investimento previsto, sempre que se manteña a finalidade da subvención, minorarase a concesión proporcionalmente ao investimento non xustificado e, para o caso de que o executado non cumpra o fin para o que se concedeu a subvención, quedará anulada na súa totalidade.

4. A falta de presentación da xustificación no prazo establecido comportará a perda do dereito ao cobramento total ou parcial da subvención, a existencia do reintegro e demais responsabilidades establecidas na Lei de subvencións de Galicia. Neste caso o conselleiro ditará a oportuna resolución, nos termos do artigo 42.1º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Artigo 18º.-Pagamento.

1. Recibida a documentación xustificativa da subvención, os órganos competentes da consellería, antes de procederen ao seu pagamento, poderán realizar as actuacións de comprobación oportunas para verificar o cumprimento da actividade subvencionada.

2. Cando se soliciten pagamentos parciais, ademais da presentación da documentación indicada no artigo 17º tamén deberán concorrer as seguintes circunstancias e condicións a que fai referencia o artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia (DOG nº 20, do 29 de xaneiro):

a) Os pagamentos á conta poderán supoñer a realización de pagamentos fraccionados, que responderán ao ritmo de execución das accións subvencionadas, e aboaranse por contía equivalente á xustificación presentada ata a porcentaxe que establezan as bases reguladoras.

b) O importe conxunto dos pagamentos á conta que, se é o caso, se concedesen non poderá ser superior ao 80% da porcentaxe subvencionada correspondente aos pagamentos xustificadas nin excederá a anualidade prevista en cada exercicio orzamentario.

3. Os pagamentos parciais quedarán condicionados ao resultado da liquidación definitiva da subvención.

4. Os pagamentos parciais superiores a 18.000 euros terán que garantirse conforme o establecido no artigo 67.2º do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

A garantía constituirase mediante seguro de caución prestado por entidade aseguradora ou mediante aval solidario da entidade de crédito ou sociedade de garantía recíproca, deberá cubrir o 110% do importe das cantidades aboadas á conta ou das cantidades anticipadas calquera que sexa o prazo de xustificación previsto na convocatoria e deberá alcanzar como mínimo ata os dous meses seguintes ao remate do prazo de xustificación previsto no artigo 17º destas bases reguladoras.

Tal e como establece o artigo 69 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, as garantías deberán constituírse na Caixa Xeral de Depósitos da Comunidade Autónoma de Galicia ou nas súas sucursais, situadas nas delegacións territoriais da consellería competente en materia de facenda.

Unha vez comprobada a adecuada xustificación da realización da actividade ou proxecto para o que se concedeu a subvención, as garantías serán liberadas.

5. Nas subvencións de capital superiores a 60.000 euros, no seu cómputo individual, destinadas a investimentos en activos tanxibles, será requisito imprescindible a comprobación material do investimento polo órgano concedente, e quedará constancia no expediente mediante acta de conformidade asinada tanto polo representante da Administración como polo beneficiario.

A comprobación material poderáselle encomendar a outro órgano distinto do que concedeu a subvención.

Excepcionalmente, a comprobación material poderase substituír por unha xustificación documental que constate de forma razoable e suficiente a realización da actividade subvencionada.

Artigo 19º.-*Incumprimento, reintegros e sancións.*

1. O incumprimento das obrigas contidas nestas bases reguladoras, na convocatoria ou na demais normativa aplicable, así como das condicións que, se é o caso, se establezan na resolución de concesión, dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente as subvencións percibidas, así como os xuros de demora correspondentes.

2. Para facer efectiva a devolución a que se refire o punto anterior, tramitarase o oportuno procedemento de reintegro, que se axustará ao previsto no título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

3. Cando o cumprimento polo beneficiario se aproxime de modo significativo ao cumprimento total e se acredite unha actuación inequivocamente tendente á satisfacción dos compromisos adquiridos, a cantidade

que hai que reintegrar responderá ao principio de proporcionalidade e determinarase aplicando os mesmos criterios de avaliación que se empregaron para a concesión referidos á realidade finalmente comprobada.

4. Aos beneficiarios das subvencións reguladas nestas bases seralles de aplicación o réxime de infraccións e sancións previsto no título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento.

Artigo 20º.-*Control.*

1. A Consellería de Cultura e Turismo poderá levar a cabo as actividades de inspección que considere oportunas para controlar o cumprimento das subvencións.

2. Alén do anterior, as subvencións estarán sometidas á función interventora e de control financeiro exercida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, nos termos que establece o título III da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, e na súa normativa de desenvolvemento. Así mesmo, estará sometida ás actuacións de comprobación previstas na lexislación do Tribunal de Contas e do Consello de Contas, así como aos dos servizos financeiros da Comisión Europea e do Tribunal de Contas Europeo.

Artigo 21º.-*Publicidade.*

No prazo máximo de tres meses contados desde a data de resolución da concesión, publicarase no *Diario Oficial de Galicia* a relación das subvencións concedidas con indicación da norma reguladora, beneficiario ou programa e crédito orzamentario, contía e finalidade da subvención.

Igualmente, farano na correspondente páxina web oficial nos termos previstos no artigo 13.4º da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e boas prácticas na Administración pública galega.

Malia o anterior, cando os importes das subvencións concedidas, individualmente consideradas, sexan de contía inferior a tres mil euros (3.000 €), non será necesaria a publicación no *Diario Oficial de Galicia*, que será substituída pola publicación das subvencións concedidas na páxina web da Consellería de Cultura e Turismo.

Artigo 22º.-*Remisión normativa.*

Para todo o non previsto nestas bases haberá que aterse ao previsto na Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, no Decreto lexislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia, no disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e o Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o seu regulamento, no Regulamento comunitario 800/2008 polo que se declaran determinadas categorías de axuda compatibles co mercado común en aplicación dos artigos 87 e 88 do Tratado (Regulamento xeral de exención por categorías), o Regulamento comunitario 1828/2006 relativo ao Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional (Feder) e no resto da normativa que resulte de aplicación.



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

ANEXO II

PROCEDIMENTO SUBVENCIÓNS DESTINADAS A INCENTIVAR A IMPLANTACIÓN E MELLORA DAS EMPRESAS DE TURISMO ACTIVO, AVENTURA, ACTIVIDADES DE LECER E TEMPO LIBRE	CÓDIGO DO PROCEDIMENTO CT983K	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		NOME		NIF / CIF	
ENDEREZO		PROVINCIA		CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	
NOME E APELLIDOS DO REPRESENTANTE LEGAL ¹					DNI
ENDEREZO PARA NOTIFICACIÓNS		TELÉFONO	FAX	CORREO ELECTRÓNICO	

LOCALIZACIÓN E DESCRICIÓN DO PROXECTO

PROVINCIA	CONCELLO
NOME COMERCIAL	
CUSTO DO INVESTIMENTO Execución material Implantación sistema de calidade Outros investimentos subvencionables Importe neto Imposto-taxas TOTAL	FINANCIAMENTO DO PROXECTO Recursos propios Préstamos Préstamos pemes Outras subvencións TOTAL

EXPÓN:
Que vista a orde de subvencións publicada no DOG nº _____ de data _____ e considerando reunir os requisitos exixidos conforme a memoria e demais documentación que se presenta e coa expresa aceptación de todos os termos da convocatoria, e coa finalidade de realizar o proxecto de _____².

SOLICITA:
Unha axuda para completar o financiamento do sinalado proxecto.

¹ Neste caso débese actuar no procedemento consonte o artigo 32 da Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do PAC.
² Tense que poñer o obxecto do investimento, segundo o proxecto presentado.

Quen abaixo asina **DECLARA QUE:**

Presta expresamente o seu consentimento á Consellería de Cultura e Turismo para que, de acordo co establecido nos puntos 3º e 4º do artigo 13 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006, publique as subvencións concedidas ao abeiro desta orde no *Diario Oficial de Galicia*, na súa páxina web oficial e nos rexistros públicos referidos, con expresión da entidade beneficiaria, a contía e a súa finalidade, na forma que determine o órgano competente

LEXISLACIÓN APLICABLE <i>Orde do 19 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a incentivar a implantación e mellora das empresas de turismo activo, aventura, actividades de lecer e tempo libre, e se procede á súa convocatoria para o ano 2010 (CT983K).</i>	(Para cubrir poa Administración) RECIBIDO REVISADO E CONFORME	NÚMERO DE EXPEDIENTE DATA DE ENTRADA DATA DE EFECTOS DATA DE SAÍDA
SINATURA DO/A SOLICITANTE OU REPRESENTANTE LEGAL Lugar e data _____ de _____ de 20____		

ANEXO III

MODELO DE RENUNCIA

Don/Dona [] , con DNI nº []
actuando en nome e representación da entidade [] , que ten o seu
endereço en []

MANIFESTA:

Que o día [] recibiu a notificación da concesión da subvención que lle foi outorgada ao abeiro da Orde do [] pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a incentivar a implantación e mellora das empresas de turismo activo, aventura, actividades de ocio e tempo libre, con clave de expediente [] , para o proxecto [] por unha contía de []

Lugar e data

DECLARA: , de de 20

Que renuncia á subvención concedida, cos efectos que establece a Lei 30/1992, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Asdo.: []

ANEXO IV

ANEXO TÉCNICO
A chegarase ao proxecto básico

DATOS DO/DA SOLICITANTE

APELIDOS OU RAZÓN SOCIAL		NOME		NIF	
[]		[]		[]	
ENDEREZO				LOCALIDADE	
[]				[]	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX	
[]	[]	[]	[]	[]	

DATOS DO INVESTIMENTO

DENOMINACIÓN					
[]					
ENDEREZO			PROVINCIA	CONCELLO	
[]			[]	[]	
Nº DE EDIFICACIÓNS	Nº DE CUARTOS DOBRES		Nº DE CUARTOS INDIVIDUAIS		
[]	[]		[]		

DATOS DO ARQUITECTO

APELIDOS	NOME	TELÉFONO
[]	[]	[]

DATOS DO ARQUITECTO TÉCNICO

APELIDOS	NOME	TELÉFONO
[]	[]	[]

DATOS ARQUITECTÓNICOS E CONSTRUTIVOS DO PROXECTO

MATERIAIS E TIPOLOXÍAS EMPREGADAS (BREVE DESCRICIÓN)	
ESTRUTURA	[]
CUBERTA	[]
CERRAMENTO/ACABADO EXTERIOR	[]
PAVIMENTOS	[]
CARPINTARÍA EXTERIOR	[]
SUPERFICIES	
SUP. CONSTRUÍDA	[]
SUP. ÚTIL	[]
SUP. DE PARCELA	[]

DATOS ECONÓMICOS

EXECUCIÓN MATERIAL DA EDIFICACIÓN SEGUNDO O PROXECTO	EXECUCIÓN MATERIAL DA EDIFICACIÓN MÁXIMA SEGUNDO A ORDE DE SUBVENCIÓN	URBANIZACIÓN
[]	[]	[]
REDACCIÓN DO PROXECTO	DIRECCIÓN DAS OBRAS	REPERCUSIÓN DO ORZAMENTO POR M ² CONSTRUÍDO
[]	[]	[]

Lugar e data _____, de _____ de _____

ANEXO V

SOLICITUDE DE COBRAMENTO DE SUBVENCIÓN

BENEFICIARIO		NIF/CIF	EXPEDIENTE Nº
INVESTIMENTO SUBVENCIONABLE APROBADO	SUBVENCIÓN CONCEDIDA	INVESTIMENTO XUSTIFICADO	

Don/Dona [] , en nome e representación de [] , titular do expediente de referencia, promovido ao abeiro da orde da Consellería de Cultura e Turismo, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das subvencións destinadas a incentivar a implantación e mellora das empresas de turismo activo, aventura, actividades de ocio e tempo libre

EXPÓN:

Que no período comprendido entre o [] e o [] , executouse o gasto relativo a [] que comprende os conceptos e importes aprobados como subvencionables para o investimento de referencia, por resolución do conselleiro de Cultura e Turismo de [] , por un importe de [] .

Que para a tramitación da proposta de pagamento da subvención concedida, segundo o sinalado no artigo 17 do anexo I da citada orde, aporta por duplicado, a seguinte documentación:

- Certificación de obra por conceptos, en modelo normalizado que se compón de portada, certificación en orixe, por partidas e capítulos, segundo medicións e prezos recollidos no proxecto de execución, elaborada polo arquitecto e arquitecto técnico da obra, relativa á obra executada coa súa valoración.
- Certificado de fin de obra.
- Facturas que deberán especificar a que concepto corresponden segundo o investimento que serviu de base para a concesión da subvención, xunto coas certificacións bancarias ou, na súa falta, copias das ordes de transferencia, que xustifiquen o seu pagamento. En todo caso o importe reflectido na certificación de obra debe coincidir co xustificado coas ditas facturas.
- Certificacións de estar ó día nas obrigas tributarias coas facendas do Estado e da comunidade autónoma e nas súas obrigas coa Seguridade Social.
- Licenza urbanística que posibilitase a execución do investimento subvencionado.
- Declaración responsable, onde se recollan os compromisos e obrigas a que fai referencia o artigo 15 das bases reguladoras.
- Declaración actualizada de conxunto das axudas solicitadas, tanto das aprobadas ou concedidas como das pendentes de resolución, para a actividade obxecto desta orde, das distintas administracións públicas competentes ou calquera dos seus organismos, entes ou sociedades.
- Xustificante orixinal do depósito da garantía.

SOLICITA: Que se lle liquide a [] , titular do expediente de referencia, a subvención concedida por importe de [] e que se corresponden á execución do investimento aprobado e que representa o [] do investimento subvencionable que se xustifica.

Lugar e data

, de de 20
O/A titular da subvención

Asdo.: []